



ADEGA convoca unha **actividade de voluntariado ambiental** en colaboración coa Asociación para a Defensa do Val do Liñares, que se celebrará o **sábado 16 de febreiro**

, dentro do proxecto de creación dunha rede de [Custodia Fluvial nas Bacías do Ulla Umia e Lérez](#)

. A actividade se desenvolverá no concello da Estrada na parroquia de Lagartóns.

A introdución de especies exóticas invasoras é, despois da destrución de hábitats, a ameaza máis importante na perda de biodiversidade e unha das principais causas de extinción de especies autóctonas.

ADEGA e a Asociación para a Defensa do Val do Liñares contan cunha traxectoria notable na loita e defensa do patrimonio fluvial, é por iso que organizan esta iniciativa dando á cidadanía a oportunidade de actuar fronte unha ameaza ambiental mediante iniciativas coma esta de custodia fluvial.

A actuación do sábado centrase na eliminación da especie invasora *Acacia dealbata* (mimosa) nas marxes do río Liñares, un espazo de importante valor ecolóxico. Para esta actividade o voluntariado contará con seguro de responsabilidade civil e de accidentes. A xornada comezará o sábado pola mañá. Tras a recepción do voluntariado e dunha pequena introducción a problemática ambiental das invasoras, comezarán os traballos de campo, para os que o voluntariado contará coa ferramenta apropiada. Haberá un descanso para a comida (gratuíta para os participantes) e unha segunda sesión de traballo durante a tarde.

As prazas son limitadas polo que é preciso inscribirse no correo: [lucia@adega.gal](mailto:lucia@adega.gal), ou nos seguintes números de tlf: 981 570099 / 616 238050 / 669 806908

Esta actuación realizarase gracias ao financiamento do concello da Estrada.